

CRÍTICAS A ALBERTO PAZOS



O 24 de xullo preguntamos por rexistro que tipo de colaboración tiña o concello co festival Lolapop: económica, medios , man de obra. O 16 de agosto a falta de resposta nos achegamos a intervención a preguntar porque aínda non nos contestaran, o curioso foi que aínda non lles chegara a nosa pregunta. Sorprendidos pola situación empezamos a pescudar e nos atopamos con que o día seguinte xa lle pasaran a pregunta o concelleiro de cultura o cal a tivo retida . Nos non queremos ser mal pensados pero isto danos que pensar sería que non nos quería responder ata ter pechado o contrato para así xa estar o feito consumado e non ter que volver atrás como pasou con certa pantalla xigante que quixeron por con motivo da final da Eurocopa. O sangrante deste caso e que despois de recortarlle as axudas ás asociacións SEN ANIMO DE LUCRO que temos no concello que organizan numerosos festivais e outro tipo de eventos de balde nos atopamos con que a concellería de cultura dálle unha axuda de 20.000 € mais IVE o Lolapop festival que organiza unha produtora para encher os seu peto. Don Albert, vostede non dixo que non tiña cartos, vostede e un autentico caradura que recorta a xente do pobo que traballa de balde e perde o seu tempo e os seus cartos para facer cousas neste concello e entrégalle unha megasubvención a unha empresa privada. Que saiba que aínda temos pendente o coste do deseño da Coca Simona non nos esquecemos, a e algunha cousiña máis, Por certo cando pensan asinar o convenio con Lenda?